

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE RÁBADE PARA EQUIPAMENTO DO CINE MAN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Rábade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Rábade para levar a cabo o equipamento do Cine Man.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Rábade pretende levar a cabo o mantemento do Cine Man. O antigo Cine Man, inaugurado no ano 1945 como sala de cinema, é un dos edificios con máis carga histórica e sentimental de Rábade. Durante décadas foi o principal espazo de ocio e encontro da localidade e hoxe en día segue sendo un símbolo da memoria colectiva do municipio. É un dos poucos cinemas rurais galegos de posguerra que conserva gran parte da súa configuración orixinal. Mantén elementos característicos como o escenario e a volumetría interior da sala, algo que moitos cinemas da época perderon ao ser transformados ou demolidos. O seu deseño inspírase en pequenos teatros centroeuropeos. O edificio reproduce solucións propias dos «teatrillos franceses e alemáns» do século XX, algo bastante inusual nunha vila rural galega dos anos corenta. O Concello adquiriu o inmovble para evitar a súa desaparición e convertelo nun centro sociocultural para actividades culturais (cine, teatro, conferencias, exposicións...). Estes proxectos permiten transformar a vida no medio rural, recuperando “edificio emblemáticos”, como é o caso do Cine Man.

Por todo o anterior, o concello de Rábade é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

